

**Valedor
do Pobo**
Galicia

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 15/05/2018 17:41:08

SAIDA 5489/18

Sr./Sra. Presidente/a Autopistas del Atlántico
(AUDASA)

R/ Alfredo Vicenti nº 15
15004 – A Coruña

Expediente: G.6.Q/3995/18

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018


Sr./Sra.:

Nesta institución iniciouse actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, sobre prexuízos ocasionados aos usuarios da AP-9.

Nas noticias sinálase que os condutores que recentemente se dirixían a Vigo atopáronse coa desagradable e habitual sorpresa dun quilométrico atasco. O corte dos tres carrís de acceso á cidade permaneceron cortados durante á mañá por labores de mantemento nos tirantes. O peche obrigou a reaxustar o tráfico e para acceder a Vigo habilitouse un dos carrís do taboleiro central que normalmente funciona como carril de saída. Para abandonar a cidade usábase o carril externo e un dos do taboleiro central.

“Os atascos en Rande estanse convertendo no pan de cada día da vía, para desesperación dos condutores. Este mediodía un accidente entre catro vehículos -dirección sur- ocasionou un importante atasco que incluso chegou a paralizar a circulación no carril do Morrazo. Ademais, a afluencia de tráfico dunha xornada dominical de bo tempo, posibilidade de praia e desprazamentos extra polo Día da Nai, complicaron aínda máis a situación, en ambos sentidos da circulación. Como consecuencia do accidente, a Ponte de Rande rexistrou importantes retencións de tráfico que se prolongaron ata case as tres da tarde, segundo informou a Policía Local de Moaña”.

Anteriormente levamos a cabo outra actuación de oficio como consecuencia das informacións sobre prexuízos ocasionados aos usuarios da AP-9 (Q/16382/17). Entre outras cousas destacábanse as grandes colas dende Pontevedra en dirección a Vigo. Os condutores manifestaban a súa indignación pola perda de tempo e por enriba o pago da peaxe.



**Valedor
do Pobo**
Galicia


Concluimos que os argumentos da concesionaria non teñen en conta que se trata dunha autoestrada de peaxe e que o servizo ten que ser óptimo de forma permanente, e en caso de non ser así non ten sentido o seu uso como alternativa máis rápida e segura que a vía convencional. O criterio de que os usuarios deben sufrir as consecuencias das obras de mellora, aplicable con carácter xeral a todas as obras públicas, non pode aplicarse no mesmo senso e co mesmo alcance ás autoestradas de peaxe. Cando fan obras con importantes consecuencias prexudiciais para o seu servizo debería prever medidas que compensen a non prestación do servizo óptimo. Cando os tempos da viaxe aumenten de forma significativa respecto dos ordinarios a consecuencia lóxica debería ser o non aboamento da peaxe.

A anterior valoración inclúese no Informe Anual de 2017.

Polo exposto solicitamos a colaboración informativa desa concesionaria para coñecer as súas iniciativas para abordar estas situacións e protexer os dereitos e intereses lexítimos dos usuarios. Tamén solicitamos a colaboración informativa da Delegación do Goberno en Galicia.

Agradézolle por adiantado a súa colaboración e saúdo/a atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo



**Valedor
do Pobo**
Galicia

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 15/05/2018 17:42:17

SAIDA

5490/18

Sr. delegado do Goberno en Galicia

Praza de Ourense 11

15071 A Coruña

Expediente: G.6.Q/3995/18

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Sr. delegado:


Nesta institución iniciouse actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia das noticias aparecidas en distintos periódicos en relación cos atascos na AP-9 cara a Vigo.

Nas noticias sinálase que os condutores que recentemente se dirixían a Vigo atopáronse coa desagradable e habitual sorpresa dun quilométrico atasco. O corte dos tres carrís de acceso á cidade permaneceron cortados durante á mañá por labores de mantemento nos tirantes. O peche obrigou a reaxustar o tráfico e para acceder a Vigo habilitouse un dos carrís do taboleiro central que normalmente funciona como carril de saída. Para abandonar a cidade usábase o carril externo e un dos do taboleiro central.

“Os atascos en Rande estanse convertendo no pan de cada día da vía, para desesperación dos condutores. Este mediodía un accidente entre catro vehículos -dirección sur- ocasionou un importante atasco que incluso chegou a paralizar a circulación no carril do Morrazo. Ademais, a afluencia de tráfico dunha xornada dominical de bo tempo, posibilidade de praia e desprazamentos extra polo Día da Nai, complicaron aínda máis a situación, en ambos sentidos da circulación. Como consecuencia do accidente, a Ponte de Rande rexistrou importantes retencións de tráfico que se prolongaron ata case as tres da tarde, segundo informou a Policía Local de Moaña”.

Anteriormente levamos a cabo outra actuación de oficio como consecuencia das informacións sobre prexuízos ocasionados aos usuarios da AP-9 (Q/16382/17). Entre outras cousas destacábanse as grandes colas dende Pontevedra en dirección a Vigo. Os condutores manifestaban a súa indignación pola perda de tempo e por enriba o pago da peaxe.

Concluimos que os argumentos da concesionaria non teñen en conta que se trata dunha autoestrada de peaxe e que o servizo ten que ser óptimo de forma permanente, e en caso



**Valedor
do Pobo**
Galicia

de non ser así non ten sentido o seu uso como alternativa máis rápida e segura que a vía convencional. O criterio de que os usuarios deben sufrir as consecuencias das obras de mellora, aplicable con carácter xeral a todas as obras públicas, non pode aplicarse no mesmo senso e co mesmo alcance ás autoestradas de peaxe. Cando fan obras con importantes consecuencias prexudiciais para o seu servizo debería prever medidas que compensen a non prestación do servizo óptimo. Cando os tempos da viaxe aumenten de forma significativa respecto dos ordinarios a consecuencia lóxica debería ser o non aboamento da peaxe.

A anterior valoración inclúese no Informe Anual de 2017.

Polo exposto solicitamos a colaboración informativa desa Delegación do Goberno en Galicia para coñecer as iniciativas da Administración Xeral do Estado para abordar estas situacións e protexer os dereitos e intereses lexítimos dos usuarios. Tamén solicitamos a colaboración informativa de AUDASA.

Agradézolle por adiantado a súa colaboración e saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo